Debe saber que, se participa neste estudo, os datos que vostede xere na interacción co altofalante (Alexa) serán analizados pola Universidade de Vigo para o que é necesario compartilos con investigadores desta Universidade. Adicionalmente, compartirase coa Universidade de Vigo datos referentes ás avaliacións do seu estado cognitivo realizadas no seu momento polo seu centro, así como a súa idade, sexo, nivel de estudos. Aínda que se compartirán estes datos coa Universidade de Vigo non se indicará en ningún momento o seu nome. É dicir, a Universidade soamente poderá identificarlle a través dun 'número' e non se lle facilitará ningún mecanismo que puidese vincular os datos que se lle compartirán coa súa identidade. Ademais ao utilizar un altofalante con Alexa, os sistemas de Amazon poderán almacenar temporalmente a súa conversa co altofalante. Estas gravacións soamente conterán as súas respostas ao test novo (onde non se menciona ningún dato persoal), estarán asociadas soamente á conta de Amazon do investigador da Universidade de Vigo, e serán eliminadas ao terminar a sesión. En calquera caso, o risco de perda de privacidade dos datos que captura Amazon é moi baixo, ao ser unha empresa que cumpre o Regulamento Xeral de Protección de Datos da UE.

Por suposto, se participa no estudo poderá abandonalo en calquera momento e todos os seus datos eliminaranse.

No caso de que acepte participar cabe a posibilidade de que, os seus datos non sexan finalmenete incorporados no estudo, debido ós criterios establecidos na investigación.Neste caso tamén se eliminarán os datos.

A súa participación terá unha duración total estimada de 50 minutos repartidos en dúas semanas.

Que molestias ou inconvenientes ten?

A súa participación non implica molestias adicionais as da práctica asistencial habitual aos talleres do centro de día de Hispanidade mais alá de contestar aos cuestionarios e usar a ferramenta que se pretende avaliar. Debe considerar que, dependendo do tempo que vostede pasa no centro, é posible que para poder participar neste estudo teña que perderse total ou parcialmente algunha das actividades que vostede realiza habitualmente. Pode consultar co director do centro se isto sería preciso no seu caso particular

Obterei algún beneficio por participar?

Non se espera que Vd. obteña beneficio directo por participar no estudo. A investigación pretende descubrir aspectos descoñecidos ou pouco claros sobre a aplicación das novas tecnoloxías na detección da depresión e promover o envellecemento saudable. Esta información poderá ser de utilidade nun futuro para outras persoas.

Recibirei a información que se obteña do estudo?

Se Vd. o desexa, facilitaráselle un resumo dos resultados do estudo.

Publicaranse os resultados deste estudo?

Os resultados deste estudo serán remitidos a publicacións científicas para a súa difusión, pero non se transmitirá ningún dato que poida levar á identificación dos participantes.

Información referente aos seus datos:

A obtención, tratamento, conservación, comunicación e cesión dos seus datos farase conforme ao disposto Regulamento Xeral de Protección de Datos (Reglamento UE 2016-679 del Parlamento europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016), a normativa española sobre protección de datos de carácter persoal vixente, ~~a Lei 14/2007 de investigación biomédica e o RD 1716/2011.~~

A institución na que se desenvolve esta investigación é a responsable do tratamento dos seus datos, podendo contactar có Delegado/a de Protección de datos a través dos seguintes medios:

Nome: Ana Garriga Domínguez

Correo electrónico: dpd@uvigo.gal

Teléfono: 988 368 834

Alternativamente, vostede pode contactar co Delegado de Protección de Datos do centro de día Hispanidade: Nome: Pedro López Cadilla Correo electrónico: seneshispanidade@gmail.com Teléfono: 625325201

Os datos necesarios para levar a cabo este estudo serán recollidos e conservados de modo:

- **Seudonimizados (Codificados),** a seudonimización é o tratamento de datos persoais de maneira tal que non poden atribuírse a un/a interesado/a sen que se empregue información adicional. Neste estudo só o equipo investigador coñecerá o código que permitirá saber a súa identidade.

Estes datos seudoanimizados serán analizados en computadores da Universidade de Vigo co obxecto de investigar o uso das respostas do test realizado co altofalante (Alexa) no tratamento e prevención da depresión. Os datos que se trasladan á Universidade de Vigo non permiten identificar que persoas participaron neste estudo nin acceder aos seus datos persoais, xa que están asignados a un código pero non se transfire en ningún momento a relación entre código e nome de persoa. Esta relación permanecerá custodiada polo investigador principal do centro Hispanidade (Pedro López Cadilla) e será destruída unha vez finalizado o estudo

A normativa que rexe o tratamento de datos de persoas, outórgalle dereito a acceder aos seus datos, opoñerse, corrixilos, cancelalos, limitar o seu tratamento, restrinxir ou solicitar a supresión dos seus datos. Tamén pode solicitar unha copia dos mesmos ou que esta sexa remitida a un terceiro (dereito de portabilidade).

Para exercer estes dereitos pode vostede dirixirse ao Delegado/a de Protección de Datos do centro a través dos medios de contacto antes indicados ou ao investigador/a principal deste estudo no enderezo electrónico: seneshispanidade@gmail.com e/ou tfno.: 625325201

Así mesmo, vostede ten dereito a interpoñer unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, cando considere que algún dos seus dereitos non foi respectado.

So o equipo investigador e as autoridades sanitarias, que teñen deber de gardar a confidencialidade, terán acceso a todos os datos recollidos no estudo. Poderase transmitir a terceiros información que non poida ser identificada. No caso de que algunha información sexa transmitida a outros países, realizarase cun nivel de protección dos datos equivalente, como mínimo, ao esixido pola normativa española e europea.

Ao rematar o estudo, ou o prazo legal establecido, os datos recollidos serán eliminados ou gardados anónimos para o seu uso en futuras investigacións segundo o que Vd. escolla na folla de firma do consentimento.

Existen intereses económicos neste estudo?

Esta investigación é promovida pola Universidade de Vigo con fondos aportados polo Ministerio de ciencia e innovación, Bolsa de Industria e Competitividade PID2020-115137RB-I00: Servizos e Aplicacións para un Envellecemento Saudable (SAPIENS).

O investigador non recibirá retribución específica pola dedicación ao estudo.

Vde. non será retribuído por participar. É posible que dos resultados do estudo se deriven produtos comerciais ou patentes; neste caso, Vde. non participará dos beneficios económicos orixinados.

Como contactar có equipo investigador deste estudo?

Vd. pode contactar con Pedro López Cadilla no teléfono 625325201 e/ou enderezo electrónico **seneshispanidade@gmail.com**

Moitas grazas pola súa colaboración.

DOCUMENTO DE CONSENTIMIENTO PARA A PARTICIPACIÓN EN UN ESTUDO DE INVESTIGACIÓN

TÍTULO:_____

Eu, _____

- *Lin a folla de información ao participante do estudo arriba mencionado que se me entregou, puiden conversar con _____ e facer todas as preguntas sobre o estudo necesarias.*

- *Comprendo que a miña participación é voluntaria, e que podo retirarme do estudo cando queira, sen ter que dar explicacións e sen que isto repercuta nos meus coidados médicos.*

- *Accedo a que se utilicen os meus datos nas condicións detalladas na folla de información ao participante.*

- *Presto libremente a miña conformidade para participar neste estudo.*

Ao rematar o estudo, os meus DATOS acepto que sexan:

• Eliminados.

• Conservados anonimizados para usos futuros noutras investigacións.

Asinado.: O/a participante, Asinado.:O/a investigador/a que solicita o consentimento

Nome e apelidos:_____ Nome e apelidos:_____

Data: Data:

DOCUMENTO DE CONSENTIMENTO ANTE TESTEMUÑAS PARA A PARTICIPACIÓN NUN ESTUDO DE INVESTIGACIÓN *(para os casos no que o participante non pode lee/escribir)*

A testemuña imparcial terá que identificarse e ser una persoa allea ao equipo investigador

TÍTULO:_____

Eu _____, como testemuña imparcial, afirmo que na miña presenza:

- *Se lle leu a _____ a folla de información ao participante do estudo arriba mencionado que se lle entregou, e puido facer todas as preguntas sobre o estudo.*
- *Comprendeu que a súa participación é voluntaria, e que pode retirarse do estudo cando queira, sen ter que dar explicacións e sen que isto repercuta nos seus coidados médicos.*
- *Accede a que se utilicen os seus datos nas condicións detalladas na folla de información ao participante.*
- *Presta libremente a súa conformidade para participar neste estudo.*

Ao rematar o estudo, os seus DATOS acepta que sexan:

- Eliminados.
- Conservados anonimizados para usos futuros noutras investigacións.

Asinado.: O/a participante,

Asinado.:O/a investigador/a que solicita o consentimento

Nome e apelidos:_____

Data:

Nome e apelidos:_____

Data:

ANEXO III.C

FOLLA DE INFORMACIÓN AO/Á PARTICIPANTE ADULTO/A

TÍTULO DO ESTUDO: Investigación do uso de instrumentos tecnolóxicos para o cribado da depresión en adultos maiores

INVESTIGADOR : Ángeles Álvarez Pereira
CENTRO: Centro de día Parque Castrelos

Este documento ten por obxecto ofrecerlle información sobre un **estudo de investigación** no que se lle invita a participar. Este estudo foi aprobado polo Comité de Ética da Investigación de Pontevedra-Vigo-Ourense

Se decide participar no mesmo debe recibir información personalizada do investigador, **ler antes este documento** e facer todas as preguntas que precise para comprender os detalles sobre o mesmo. Se así o desexa pode levar o documento, consultalo con outras persoas, e tomar o tempo necesario para decidir se participar ou non.

A participación neste estudio é completamente **voluntaria**. Vd. pode decidir non participar ou, se acepta facelo, cambiar de parecer retirando o consentimento en calquera momento sen obriga de dar explicacións. Asegurámoslle que esta decisión non afectará á relación cós profesionais do centro que lle atenden nin á asistencia á que Vd. ten dereito como usuario/a do centro.

~~Asegurámoslle que esta decisión non afectará á relación cós profesionais sanitarios que lle atenden nin á asistencia sanitaria á que Vd. ten dereito.~~

Cal é a finalidade do estudo?

Este estudo pretende avaliar, se unha ferramenta tecnolóxica creada pola Universidade de Vigo para a detección precoz da depresión é útil e amigable para persoas como vostede e se funciona ben.

Esta ferramenta chámase Digi Yesavage. Trátase da versión adaptada dun test neuropsicolóxico clásico (Escala xeriátrica de depresión de Yesavage) e desenvolveuse para ser administrado a través dun altavoz intelixente, neste caso o Amazon Echo Dot (Alexa). Necesitamos comprobar se funciona ben e se é fácil de usar. Para iso necesitamos probalos con persoas como vostede xa que acude a un centro de atención para persoas maiores.

~~un dos lugares máis axeitados para o emprego deste tipo de ferramentas.~~

Por que me ofrecen participar a min?

Vostede é convidado a participar porque cumpre os criterios de inclusión establecidos para a investigación: persoa de mais de 60 anos que acude ao centro de día Parque Castrelos.

En que consiste a miña participación?

A súa participación consistirá na realización de 2 sesións repartidas en dúas semanas. As sesións terán lugar no centro de día Parque de Castrelos no horario que vostede acuda normalmente e levaranas a cabo o persoal da Universidade de Vigo con formación axeitada para elo baixo a supervisión dos profesionais do centro de día Parque de Castrelos.

Se vostede desexa participar, na primeira sesión terá que contestar tres test. O primeiro é un cuestionario relacionado coa súa opinión acerca da tecnoloxía empregada na ferramenta que pretendemos avaliar (Digi-Yesavage). O segundo trátase de responder unhas preguntas relacionadas coa percepción da súa memoria (MFE). Por último farémoslle unhas preguntas relacionas co seu estado de animo (Escala xeriátrica de Yesavage). A súa participación nesta sesión terá unha duración estimada de 25 minutos.

A seguinte semana realizará a segunda sesión. Nesta sesión centrarémonos en dous test primeiro o test dixitalizado unha vez feito ~~só~~ terá que contestar unha enquisa coa finalidade de saber que lle pareceu a ferramenta. O segundo é un test para avaliar aspectos como a memoria e a atención (MoCA, administrado verbalmente por un investigador da Universidade de Vigo). Neste caso estimase que a duración sexa de 25 minutos.

Debe saber que, se participa neste estudo, os datos que vostede xere na interacción co altofalante (Alexa) serán analizados pola Universidade de Vigo para o que é necesario compartilos con investigadores desta Universidade. Adicionalmente, compartirase coa Universidade de Vigo datos referentes ás avaliacións do seu estado cognitivo realizadas no seu momento polo seu centro, así como a súa idade, sexo, nivel de estudos. Aínda que se compartirán estes datos coa Universidade de Vigo non se indicará en ningún momento o seu nome. É dicir, a Universidade soamente poderá identificarlle a través dun 'número' e non se lle facilitará ningún mecanismo que puidese vincular os datos que se lle compartirán coa súa identidade. Ademais ao utilizar un altofalante con Alexa, os sistemas de Amazon poderán almacenar temporalmente a súa conversa co altofalante. Estas gravacións soamente conterán as súas respostas ao test novo (onde non se menciona ningún dato persoal), estarán asociadas soamente á conta de Amazon do investigador da Universidade de Vigo, e serán eliminadas ao terminar a sesión. En calquera caso, o risco de perda de privacidade dos datos que captura Amazon é moi baixo, ao ser unha empresa que cumpre o Regulamento Xeral de Protección de Datos da UE.

Por suposto, se participa no estudo poderá abandonalo en calquera momento e todos os seus datos eliminaranse.

No caso de que acepte participar cabe a posibilidade de que, os seus datos non sexan finalmenete incorporados no estudo, debido ós criterios establecidos na investigación. Neste caso tamén se eliminarán os datos.

A súa participación terá unha duración total estimada de 50 minutos repartidos en dúas semanas.

Que molestias ou inconvenientes ten?

A súa participación non implica molestias adicionais as da práctica asistencial habitual aos talleres do centro de día Parque Castrelos, mais alá de contestar aos cuestionarios e usar a ferramenta que se pretende avaliar. Debe considerar que, dependendo do tempo que vostede pasa no centro, é posible que para poder participar neste estudo teña que perderse total ou parcialmente algunha das actividades que vostede realiza habitualmente. Pode consultar coa directora do centro se isto sería preciso no seu caso particular

Obterei algún beneficio por participar?

Non se espera que Vd. obteña beneficio directo por participar no estudo. A investigación pretende descubrir aspectos descoñecidos ou pouco claros sobre a aplicación das novas tecnoloxías na detección da depresión e promover o envellecemento saudable. Esta información poderá ser de utilidade nun futuro para outras persoas.

Recibirei a información que se obteña do estudo?

Se Vd. o desexa, facilitaráselle un resumo dos resultados do estudo.

Publicaranse os resultados deste estudo?

Os resultados deste estudo serán remitidos a publicacións científicas para a súa difusión, pero non se transmitirá ningún dato que poida levar á identificación dos participantes.

Información referente aos seus datos:

A obtención, tratamento, conservación, comunicación e cesión dos seus datos farase conforme ao disposto Regulamento Xeral de Protección de Datos (Reglamento UE 2016-679 del Parlamento europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016), a normativa española sobre protección de datos de carácter persoal vixente, ~~a Lei 14/2007 de investigación biomédica e o RD 1716/2011.~~

A institución na que se desenvolve esta investigación é a responsable do tratamento dos seus datos, podendo contactar có Delegado/a de Protección de datos a través dos seguintes medios:

Nome: Ana Garriga Domínguez

Correo electrónico: dpd@uvigo.gal

Teléfono: 988 368 834

Alternativamente, vostede pode contactar co Delegado de Protección de Datos de Centro de día Parque Castrelos: Nome: Ángeles Álvarez Pereira Correo electrónico: direccion@centrodediaparquecastrelos.com Teléfono: 986 247 706

Os datos necesarios para levar a cabo este estudo serán recollidos e conservados de modo:

- **Seudonimizados (Codificados),** a seudonimización é o tratamento de datos persoais de maneira tal que non poden atribuírse a un/a interesado/a sen que se empregue información adicional. Neste estudo só o equipo investigador coñecerá o código que permitirá saber a súa identidade.

Estes datos seudoanimizados serán analizados en computadores da Universidade de Vigo co obxecto de investigar o uso das respostas do test realizado co altofalante (Alexa) no tratamento e prevención da depresión. Os datos que se trasladan á Universidade de Vigo non permiten identificar que persoas participaron neste estudo nin acceder aos seus datos persoais, xa que están asignados a un código pero non se transfire en ningún momento a relación entre código e nome de persoa. Esta relación permanecerá custodiada pola investigador principal de Parque de Castrelos (Ángeles Álvarez) e será destruída unha vez finalizado o estudo.

A normativa que rexe o tratamento de datos de persoas, outórgalle dereito a acceder aos seus datos, opoñerse, corrixilos, cancelalos, limitar o seu tratamento, restrinxir ou solicitar a supresión dos seus datos. Tamén pode solicitar unha copia dos mesmos ou que esta sexa remitida a un terceiro (dereito de portabilidade).

Para exercer estes dereitos pode vostede dirixirse ao Delegado/a de Protección de Datos do centro a través dos medios de contacto antes indicados ou ao investigador/a principal deste estudo no centro de día Parque Castrelos con enderezo electrónico: direccion@centrodediaparquecastrelos.com

e/ou tfno: 986 247 706

Así mesmo, vostede ten dereito a interpoñer unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, cando considere que algún dos seus dereitos non foi respectado.

So o equipo investigador e as autoridades sanitarias, que teñen deber de gardar a confidencialidade, terán acceso a todos os datos recollidos no estudo. Poderase transmitir a terceiros información que non poida ser identificada. No caso de que algunha información sexa transmitida a outros países, realizarase cun nivel de protección dos datos equivalente, como mínimo, ao esixido pola normativa española e europea.

Ao rematar o estudo, ou o prazo legal establecido, os datos recollidos serán eliminados ou gardados anónimos para o seu uso en futuras investigacións segundo o que Vd. escolla na folla de firma do consentimento.

Existen intereses económicos neste estudo?

Esta investigación é promovida por a Universidade de Vigo con fondos aportados polo Ministerio de ciencia e innovación, Bolsa de Industria e Competitividade PID2020-115137RB-I00: Servizos e Aplicacións para un Envellecemento Saudable (SAPIENS).

O investigador non recibirá retribución específica pola dedicación ao estudo.

Vde. non será retribuído por participar. É posible que dos resultados do estudo se deriven produtos comerciais ou patentes; neste caso, Vde. non participará dos beneficios económicos orixinados.

Como contactar có equipo investigador deste estudo?

Vd. pode contactar con Ángeles Álvarez Pereira no teléfono 986 247 706 e/ou enderezo electrónico direccion@centrodediaparquecastrelos.com

Moitas grazas pola súa colaboración.

DOCUMENTO DE CONSENTIMIENTO PARA A PARTICIPACIÓN EN UN ESTUDO DE INVESTIGACIÓN

TÍTULO:_____

Eu, _____

- *Lin a folla de información ao participante do estudo arriba mencionado que se me entregou, puiden conversar con _____ e facer todas as preguntas sobre o estudo necesarias.*

- *Comprendo que a miña participación é voluntaria, e que podo retirarme do estudo cando queira, sen ter que dar explicacións e sen que isto repercuta nos meus coidados médicos.*

- *Accedo a que se utilicen os meus datos nas condicións detalladas na folla de información ao participante.*

- *Presto libremente a miña conformidade para participar neste estudo.*

Ao rematar o estudo, os meus DATOS acepto que sexan:

• Eliminados.

• Conservados anonimizados para usos futuros noutras investigacións.

Asinado.: O/a participante, Asinado.:O/a investigador/a que solicita o consentimento

Nome e apelidos:_____ Nome e apelidos:_____

Data: Data:

DOCUMENTO DE CONSENTIMENTO ANTE TESTEMUÑAS PARA A PARTICIPACIÓN NUN ESTUDO DE INVESTIGACIÓN *(para os casos no que o participante non pode lee/escribir)*

A testemuña imparcial terá que identificarse e ser una persoa allea ao equipo investigador

TÍTULO:_____

Eu _____, como testemuña imparcial, afirmo que na miña presenza:

- *Se lle leu a _____ a folla de información ao participante do estudo arriba mencionado que se lle entregou, e puido facer todas as preguntas sobre o estudo.*
- *Comprendeu que a súa participación é voluntaria, e que pode retirarse do estudo cando queira, sen ter que dar explicacións e sen que isto repercuta nos seus coidados médicos.*
- *Accede a que se utilicen os seus datos nas condicións detalladas na folla de información ao participante.*
- *Presta libremente a súa conformidade para participar neste estudo.*

Ao rematar o estudo, os seus DATOS acepta que sexan:

Eliminados.

Conservados anonimizados para usos futuros noutras investigacións.

Asinado.: O/a participante,

Asinado.:O/a investigador/a que solicita o consentimento

Nome e apelidos:_____

Data:

Nome e apelidos:_____

Data:

ANEXO IV

PROTOCOLO DE INVESTIGACIÓN 2023/503

- **Título do Proxecto**: Investigación do uso de instrumentos tecnolóxicos para o cribado da depresión en adultos maiores
- **Código protocolo:** 325905
- **Versión de protocolo coa data:** versión 1.2 10/1/2024
- **Promotor** Universidade de Vigo (UVIGO)
- **Investigadores principais**: Luis E. Anido Rifón (UVIGO), Ángeles Álvarez Pereira (Centro de día Parque Castrelos), Pedro López Cadilla (centro de día Hispanidade), ~~Milagres Chapela Iglesias (Coro sénior campus Vigo),~~. Marina Requejo Román (AFAGA), ~~Ana María Pérez Davila (CCAR de Valladares)~~
- **Investigadores/as colaboradores:** Iván Otero González (UVIGO), Noelia Lago Priego (UVIGO), Manuel José Fernández Iglesias (UVIGO), Moises Rubén Pacheco Lorenzo (UVIGO)
- **Datos de contacto:**

  Luis E. Anido Rifón; 647343059/ lanido@det.uvigo.es

  Ángeles Álvarez Pereira; 986 247 706/ direccion@centrodediaparquecastrelos.com,

  ~~Milagres Chapela Iglesias; 679194512/corosenior.campusvigo@gmail.com~~

  Marina Requejo Román; 986 229797 / trabajadorasocial@afaga.com

  ~~Ana María Pérez Davila; 654503248/ presidencia@valladares.tv~~

  Pedro López Cadilla; 625325201 / seneshispanidade@gmail.com

Índice

1. Antecedentes e xustificación do proxecto 3
2. Hipótese do estudo 5
3. Obxectivos: 5
4. Tipo de estudo 5
5. Material e métodos 10
    5.1 Ámbito de estudo 10
    5.2 Definición dos suxeitos a estudo 10
    5.3 Selección e retirada de suxeitos: 12
    5.4 Captación e recrutamento dos participantes 13
    5.5 Procedemento de asignación/aleatorización 16
    5.6 Xustificación do tamaño da mostra 17
    5.7 Variables principal e secundarias 17
    5.8 Descrición da intervención 17
    5.9 Cronograma e data prevista de finalización. Distribución das tarefas entre os membros do equipo investigador 19
    5.10 Plan de análise estatística 20
6. Aspectos ético-legais 21
    6.1 Cumprimento de Normas de Boa Práctica Clínica 21
    6.2 Documentación anexa, modelos de consentimento informado. 21
    6.3 Confidencialidade da información recollida no contexto do estudo. 21
    6.4 Póliza de seguro ou xustificación da súa ausencia para os estudos experimentais 24
    6.5 Compromiso de publicación dos resultados 24
7. Memoria económica e financiamento 24
8. Bibliografía 25

1. Antecedentes e xustificación do proxecto

Os datos proporcionados pola Organización Mundial da Saúde en 2020 indican que a depresión é unha enfermidade común en todo o mundo, afectando aproximadamente ao 3,8% da poboación; ao 5% no caso dos adultos e ao 5,7% entre os adultos de máis de 60 anos. A nivel mundial, aproximadamente 280 millóns de persoas padecen depresión [1] e en algúns países como España, a prevalenza alcanza o 6,7% entre as persoas de 25 a 64 anos e o 12,8% no caso das persoas maiores de 65 anos. A previsión é que para o ano 2030, a depresión sexa a principal causa de discapacidade [2], [3]. Esta situación, se non se aborda convenientemente, podería levar ao aumento das taxas de suicidios [4].

A literatura recente identifica algúns desafíos relevantes no contexto do rastrexo da depresión [5]–[6], tales como a variabilidade dos síntomas non só entre individuos, senón tamén no momento en que se realizan as probas; a súa asociación habitual con outras trastornos como a ansiedade ou a soidade; o estigma asociado e a falta de aceptación social; a carencia de asistencia personalizada ou a variabilidade na práctica clínica. Estes desafíos impulsan a investigación cara á integración da tecnoloxía no proceso de rastrexo (por exemplo, análise automática de voz ou vídeo), novos enfoques para a medicina personalizada, servizos integrais de saúde mental e colaboración interdisciplinaria.

Os axentes conversacionais son aplicacións automatizadas capaces de manter un diálogo coas persoas a través dunha interface interactiva, que pode ser baseada en texto ou voz [7]. Para comprender a interface conversacional (CI) dun axente conversacional (CA), a Figura 1 ilustra o esquema simple dos procesos que interveñen internamente durante un diálogo entre máquinas e humanos, o cal á súa vez explica o funcionamento interno dun CA coa voz como compoñente interactivo.




Figure 1: Data and process flows within a conversational agent.

Os primeiros estudos de campo levados a cabo polo centro de investigación atlanTTic da Universidade de Vigo, en colaboración coas principais entidades da práctica sociosanitaria da contorna de Vigo, ofrecen probas iniciais sobre a validez psicométrica, máis concretamente sobre a validez de constructo, de criterio e externa dun axente de detección de deterioración cognitiva chamado Digi-Moca, baseado neste tipo de tecnoloxía (2021/391 , 2023/115). Tras analizar os resultados, observáronse correlacións prometedoras en relación as probas tradicionais, o que indica a viabilidade de aplicar probas de cribado neste tipo de formato (CA). Estes resultados son alentadores e, polo tanto, actualmente preténdese expandir o uso destas ferramentas para a detección da depresión e a súa diferenciación dos síntomas de demencia no mesmo grupo de participantes.

As altas demandas de atención psicolóxica nas sociedades modernas, a escaseza de profesionais e o impacto dramático da pandemia de COVID-19 proporcionaron unha forte motivación para avanzar no campo da atención psicolóxica. Segundo moitos autores, un problema crítico é, polo tanto, a detección de trastornos mentais, e en concreto os trastornos depresivos [8], [9], o que facilitaría o diagnóstico, aumentaría a calidade percibida da atención e diferenciaría claramente entre os diversos trastornos mentais existentes e as súas urxencias.

Os beneficios que os axentes conversacionais (AC) aportan ao campo da saúde mental son moi relevantes. Por exemplo, poden mellorar a eficiencia na detección da depresión, en termos de tempo e custo, en comparación cos tests clínicos tradicionais [10]–[11]. Ademais, os AC son un enfoque prometedor no caso de pacientes que non buscarían atención debido ao estigma social asociado á súa doenza [12]. Tampouco podemos esquecer a idoneidade da voz como ferramenta de comunicación [13], xa que a interacción por voz supera naturalmente a fenda dixital a través dun diálogo guiado [14], que tamén pode ser percibido como un aliado, o que beneficia os resultados do tratamento [15]. Ademais, interacción por voz potencia a naturalidade [15] porque a configuración dos AC que imitan a interacción empática permite aos pacientes sentirse socialmente conectados, o que pode ter como consecuencia unha maior eficacia [16].

Os AC tamén poden contribuír a superar en parte a escaseza de persoal sanitario especializado no tratamento psicolóxico [17][18], se temos en conta que os efectos da interacción mediada por AC son comparables á psicoterapia tradicional [19]. Os AC poden proporcionar ademais información adicional sobre os pacientes, xa que poden actuar como receptores de atención en lugar de provedores de atención [8]. A dispoñibilidade dos AC permite a súa introdución máis alá dos entornos clínicos, axudando a detectar a depresión en illamento ou en comorbilidade, sendo un claro exemplo o efecto do burnout, onde a prevención é un factor vital para evitar suicidios [20].

Ata o momento, ningún AC presenta todas estas funcionalidades de xeito conxunto e, cando algunhas delas se exhiben, fanno con graos variables de eficacia. Profundizando nos comezos dos AC, o primeiro intento documentado ocorreu en 1966, con ELIZA, unha aplicación de software capaz de reproducir un diálogo paciente-psicoterapeuta baseado en texto [21]. Desde entón, a investigación e a busca dunha aplicación que, a través do diálogo, puidese soportar todos ou algún dos procesos de diagnóstico, avaliación, seguimento e tratamento da depresión continuou a evolucionar.

Neste estudo, o obxectivo principal é realizar un proceso de validación da ferramenta Digi-Yesavage, centrando a atención na súa usabilidade e na súa eficacia en termos de funcionamento adecuado. Procurarase tamén recadar información sobre a percepción dos profesionais en relación a este tipo de ferramentas para a detección da depresión en adultos maiores. Por último, preténdese identificar as posibles diferenzas existentes entre persoas que sofren depresión e demencia co obxectivo estimar e axudar na diagnose por parte dos profesionais utilizando axentes conversacionais e Machine Learning.

Para levar a cabo as avaliacións de usabilidade, empregaremos dúas ferramentas específicas: a enquisa TAM (Tecnoloxía de Adopción de Modelos) para avaliar a percepción dos usuarios da ferramenta e a enquisa PSSUQ (Post-Study System Usability Questionnaire) para avaliar a percepción dos profesionais. Estas enquisas axudarannos a comprender como as persoas implicadas valoran a usabilidade e a eficacia da ferramenta Digi-Yesavage, contribuíndo así a acadar unha comprensión máis completa e detallada das súas prestacións.

Para as avaliacións orientadas a búsquea de elementos diferenciais entre demencia e depresión utilizaranse:

- Escala de depresión xeriátrica Yesavage (GDS) [22]
- Montreal Cognitive Assessment (MoCA) [23]
- Escala de Queixas Subxectivas de Memoria (MFE) [24]
- Escala de Lawton e Brody [25]

2. Hipótese do estudo

3. Obxectivos:

1.1 Obxectivo principal

- Realización dun estudo comparativo entre o Digi-Yesavage e a escala convencional Escala de Depresión Xeriátrica de Yesavage (GDS), tanto dende o punto de vista de aceptabilidade dos usuarios coma dende o punto de vista de eficacia á hora de realizar un cribado correcto.
- Intentar detectar diferencias ou tendencias nas características da poboación con DCL e depresión que poidan usarse para a súa diferenciación.

1.2 Obxectivos secundarios

- Análise da percepción de usabilidade por parte dos profesionais dos centros de día involucrados (p. ex., terapeutas, psicólogos/as, coidadores/as)

4. Tipo de estudo

Realizarase un estudo transversal para avaliar o instrumento Digi-Yesavage na detección da depresión na terceira idade.

Digi-Yesavage, é un axente conversacional intelixente desenvolto sobre o axente Amazon Alexa aloxado nun dispositivo Echo Dot 5 cuxa interface coa persoa usuaria é a través da voz. Este instrumento que pretendese validar, está baseado na adaptación da escala GDS (Escala de Depresión Xeriátrica de Yesavage) de 15 ítems [22]. A UVIGO aportará os dispositivos necesarios para a realización das probas.

Ademais, analizaranse os datos en busca de correlacións que poidan ser de axuda na diferenciación da depresión e o deterioro cognitivo leve.

Establecerase un **grupo experimental** composto por persoas que teñan un diagnóstico de depresión e á súa vez clasificaranse naquelas persoas que ademais teñan deterioro cognitivo leve, e aquelas cognitivamente sas. Por outro lado, crearase o **grupo control** composto por aquelas persoas que non teñan indicios de depresión segundo a escala de Depresión Xeriátrica de Yesavage (GDS) e á súa vez dividirase noutros dous grupos de persoas con deterioro cognitivo leve (DCL) e persoas sen deterioro cognitivo. Explicase mais detalladamente no apartado ~~6.2~~ 5.2.

O análise realizarase dende a perspectiva de facilidade de uso coma dende o de fiabilidade (é dicir, o funcionamento correcto do instrumento en comparación coa proba GDS clásica). Por outra banda, cos datos recollidos preténdese analizar a existencia de posibles diferenzas entre os grupos que mediante técnicas de Machine Learning permitan identificar patróns para distinguir a depresión do deterioro cognitivo.

Ademais, realizarase un estudo da percepción dos profesionais do ámbito socio-sanitario cara este instrumento.

Co obxectivo de avaliar a fiabilidade do test dixital realizarase previamente a proba dixital unha avaliación coa escala de Depresión Xeriátrica de Yesavage (GDS) clásica a todos os participantes.

Para o análise diferencial da depresión e o deterioro cognitivo unha vez seleccionada a mostra, que xa terá un diagnostico clínico de depresión (utilizarase como verdade base) e ausencia de demencia previo, pasáraselle a cada suxeito unha batería formada por tres tests:

- Test Montreal Cognitive Assessment (MoCA) [23]
- Cuestionario de Queixas Subxectivas e fallos de memoria da vida cotiá (MFE) [24]
- Escala de Lawton e Brody para as actividades instrumentais da vida diaria (AIVD) [25]

No caso da escala de Lawton e Brody e o cuestionario MFE, pediranse as puntuacións ao centro; de telas, non será necesario a súa avaliación con ditas probas por parte dos investigadores da UVigo.

Ademais, preténdese medir se a calidade das respostas vese interferida polo formato da administración, polo que recolleranse datos da percepción dos usuarios e profesionais do Digi-Yesavage administrado co Amazon Alexa Echo dot 5 mediante a enquisa de Modelo de Aceptación Tecnolóxica (TAM) [26] e PSSUQ (Post-Study System Usability Questionnaire) anteriormente mencionados.

Por tanto, administraranse os test Digi-Yesavage, escala de depresión (GDS), MoCA, MFE, Escala Lawton, TAM e PSSUQ.

4.1. Datos, algoritmos e validación.

Os datos utilizados inclúen datos **sociodemográficos** como nivel educativo, idade, xénero, estado civil e se reside acompañado ou non. Ademais, recóllese a seguinte información relacionada cos resultados dos tests e cuestionarios:

- MoCA (puntuación total e as súas dimensións: memoria, atención, linguaxe, abstracción, habilidades visoperceptivas, identificación, orientación).
- Escala Lawton e Brody (puntuacións totais).
- Cuestionario de fallos de memoria na vida cotiá (puntuacións totais).
- Escala de Depresión Xeriátrica (puntuacións totais e por pregunta).
- Digi-Yesavage (puntuacións totais e por pregunta, tempo total para completar o test, tempo de resposta e número de repeticións en cada pregunta).
- Tamén se identifica o grupo ao que pertencen (experimental DCL / non DCL, control DCL / non DCL).

Algoritmos: Os datos mencionados anteriormente son procesados e adestrados usando as seguintes técnicas de Machine Learning:

- Lineares: mínimos cadrados, regresión loxística.
- Máquina de vectores de soporte (SVM).
- Árbores de decisión: Classification and Regression Trees (CART).
- Aprendizaxe en conxunto: Random Forest, AdaBoost.
- Redes neuronais: perceptrón multicapa.

Non hai posibilidade de identificar ningún usuario participante cos datos usados para o adestramento, xa que están anonimizados . Estes algoritmos detectan patróns en relación cos grupos e información recollida para facer predicións e categorizar características comúns nun grupo concreto.

Validación: Utilizarase a técnica de validación cruzada, que consiste en adestrar o modelo cun subconxunto de datos e facer predicións cos participantes restantes. Este proceso repítese. Avaliaranse as predicións obtidas mediante diversos análises estatísticos especificados no apartado 5.10 (plan de análise estatística).

4.2 Aspectos de impacto na privacidade e fluxo de datos

4.2.1 Xeración de códigos únicos:

A. A cada participante do ensaio asignarase un código único e aleatorio.
B. Os códigos serán xerados utilizando un sistema de numeración ou combinación alfanumérica que non conteña información identificativa dos participantes (como nomes, datas de nacemento, etc.), garantindo así a seudonimización dos datos asociados a cada código.

4.2.2. Custodia da táboa de equivalencias (protocolo de custodia):

A. O/a delegado/a de protección de datos de cada centro de día será a persoa encargada de manter unha táboa de equivalencias.
B. Nesta táboa, rexistraránse os códigos únicos asignados a cada participante xunto coa súa información persoal correspondente (nomes, filiacións, etc.).
C. Táboa protexida e custodiada polo centro en papel, nun arquivo baixo chave.
D. O delegado/a de protección de datos do centro será a única persoa autorizada para acceder á táboa de equivalencias.
E. Unha vez rematadas as sesións cos participantes, o centro eliminará dita táboa de equivalencias. Neste momento, os datos pasarán a estar anonimizados, xa que será inviable recuperar a asociación entre os datos persoais e o participante. Neste punto xeraránse os datos anonimizados, tendo en conta o algoritmo hash.

4.2.3. Comunicación dos códigos aos investigadores:

A. Os investigadores encargados do ensaio só recibirán os códigos asignados aos participantes, sen ter acceso directo aos seus datos persoais e en formato papel.
B. A persoa responsable no centro de día proporcionará aos investigadores unicamente os códigos de identificación asignados a cada participante do estudo.
C. O código e as características requiridas e mencionadas anteriormente (datos sociodemográficos, diagnósticos...) transmitiranse de maneira confidencial e en formato papel.

4.2.4. Uso e tratamento dos códigos polos investigadores:

A. Os investigadores utilizarán exclusivamente os códigos asignados para identificar aos participantes co único propósito de discriminar os resultados da interacción co axente conversacional e na recopilación destes datos.
B. Non se realizará ningunha vinculación entre os códigos e os datos persoais dos participantes en ningún informe, publicación ou documento relacionado co estudo.
C. Garantirase que os códigos se usen de maneira confidencial e únicamente co propósito de levar a cabo o piloto.
D. Na transcripción dos datos recollidos en papel para os análises estatísticos xerarase un ID obtido como hash a partir dos códigos utilizados até o momento para recopilar os datos nos centros. Polo tanto, traballarase sobre este ID proporcionando unha maior seguridade, xa que será inviable recuperar o código orixinal do participante a partir do hash. O algoritmo utilizado para calcular o hash dos códigos será o SHA3-256 (Secure Hash Algorithm v3, 256 bits).

4.3. Seguridade do Altavoz intelixente (ALEXA)

O dispositivo Alexa adquirido Alexa Echo Dot 5, está vinculado co investigador desde o momento da súa compra, Iván Otero González, e cumpre cos seguintes criterios de seguridade:

- Os datos recollidos no test son unicamente os especificados no apartado 1.b.V.
- Os audios recollidos para a transcripción a texto son almacenados temporalmente e destruídos inmediatamente despois da súa transcripción.

- Non existe relación entre o audio do participante da mostra, persoa que interactúa co altavoz, e o propietario vinculado co dispositivo.
- A Skill, programa desenvolvido para levar a cabo a entrevista por voz, non é un produto comercial, existe unicamente no perfil do investigador capturador dixital dos datos Iván Otero González.
- Os servidores de Amazon, por non ser unha Skill comercial, non teñen constancia da existencia de outros usuarios alleos ao propietario do dispositivo.
- Como se expón no punto 6.3, Amazon como empresa que opera na UE está obrigada a cumprir co RGPD, tal e como recolle o seu informe de privacidade, en base ao cal xestiónase calquera información dos usuarios (incluída a interacción con Alexa)
- Ao final de cada entrevista, o investigador Iván Otero González eliminará calquera historial da interacción por voz, pois só está interesado na transcripción a texto da resposta, almacenándoa de forma binaria (0, 1) por cada pregunta.


4.4. Posibles Riscos na seguridade

- Vulnerabilidades de rede (Perda ou roubo de chave wifi, perda ou roubo de chave de acceso usuario investigador): Ao estar conectados a internet, os altavoces intelixentes poden ser vulnerables a ataques cibernéticos. Se non se aseguran axeitadamente.
- Perda ou roubo da táboa de equivalencias custodiada polo centro.
- Riscos relacionados coa información almacenada temporalmente polos servidores de Amazon Alexa. Estes riscos inclúen a posibilidade de ataques ou intrusións cibernéticas que rouben ou eliminen os datos recollidos e almacenados temporalmente durante a interacción do participante co altavoz.

4.5. Mitigación de riscos:

1. Co fin de minimizar calquera filtración relacionada cos servidores de Amazon, eliminaranse todas as gravacións de voz almacenadas na conta do investigador despois de cada interacción, limitando a exposición potencial de información sensible.
2. Establécese unha conexión directa de Alexa á rede do investigador en lugar de utilizar a rede Wi-Fi do centro. Esta medida complementarase coa configuración de firewall na rede para evitar accesos non autorizados.
3. Garantirase a actualización do dispositivo, aplicando os últimos parches de seguridade dispoñibles para mantelo protexido.
4. Levarase a cabo unha revisión exhaustiva e axuste da configuración de privacidade, ademais de implementar contrasinais sólidas na rede Wi-Fi, asegurando así unha capa adicional de seguridade.
5. Realizarase un escrutinio periódico da lista de dispositivos conectados á rede Wi-Fi mediante a configuración do enrutador, co propósito de detectar e abordar posibles dispositivos non autorizados
6. Optarase por protocolos de seguridade robustos como WPA2 ou WPA3 en lugar de WEP, debido á súa maior fiabilidade e seguridade fronte a posibles vulnerabilidades.
7. Procederase a borrar de maneira regular o historial de comandos de Alexa para eliminar calquera almacenamento tanto local como na nube de gravacións de voz, protexendo así a privacidade dos usuarios e reducindo o risco de acceso non desexado a datos sensibles.
8. Implementarase a autenticación de dous factores (2FA) para crear unha capa máis de protección da contrasinal no caso de que alguén tente usar o dispositivo sen permiso.

Figura 1. Imaxen representativa do fluxo de datos e a privacidade dos mesmos para levar a cabo o estudo.



Capa A, obtención directa dos datos e seudonimización. Capa B, captura dixital dos datos con Alexa Echo Dot 5. Capa C, captura tradicional dos datos con entrevistas validadas clínicamente para o screening. Capa D, procesado e análise de datos amparados en encriptado *hash*.

Breve explicación do esquema.

1] CAPA A, seudonimizado de datos.

- Investigador (apartado 6, delegados protección de datos) do centro sociosanitario recolle os datos dos participantes do centro, en formato papel.
- Seguindo protocolo de custodia (Apartado 4.2.2) da táboa de equivalencias este investigador xera os datos seudonimizados que vai a transferir os investigadores de captura de datos dixital (Iván Otero González) e captura de datos tradicional (Noelia Lago Priego).
- Os datos seudonimizados serán compartidos en papel de xeito confidencial.
    - Posible risco de custodia de datos así como da táboa de equivalencia.

2] CAPA B, captura de datos dixitais.

- Investigador Iván Otero González da Universidade de Vigo, recibe o código asignado para cada usuario participante.
- Realiza a captura de datos dixitais mediante alexa a través da súa conta de usuario, protexida por contrasinal.
- Envía os datos en formato dixital e binario para que sexan procesados.

- Posible risco de roubo das credenciais de acceso o servizo Alexa.
- Posible risco de perda ou roubo de datos nos servidores de Amazon.
- Posible risco da intrusión en rede wifi creada para o uso do Echo Dot 5.

3] CAPA C, captura de datos clásica.

- Investigador Noelia Lago Priego da Universidade de Vigo, recibe o código asignado para cada usuario participante.
- Realiza a captura de datos en formato papel, dos resultados obtidos das entrevistas de Lawton, Moca, MFE-30, Yesavage.
- Envía os datos en formato dixital, táboa excel, para que sexan procesados.

3] CAPA D, procesado de datos anonimizados.

- Investigador Moises Pacheco Lorenzo da Universidade de Vigo, recibe os datos anonimizados mediante una táboa que identifica cun código unívoco, xerado mediante hash, a cada usuario participante.
- Realiza o procesado de datos dos resultados obtidos das capas B e C.
- Moises comparte os resultados da análise co equipo.

5. Material e métodos

5.1 Ámbito de estudo

Persoas de a partir de 60 anos de localidades galegas que acoden a centros de día e actividades socioculturais na contorna de Vigo. Trátase de que a mostra sexa o mais heteroxénea dende o punto de vista de xénero e idade, de forma que sexa o máis extrapolable posible á poboación galega. ~~Por outro lado as persoas usuarias non deben ser expertas nin amplamente adestradas na utilización de aplicacións tecnolóxicas nin asistentes virtuais, posto que o sistema está deseñado para ser empregado por unha persoa adulta sen experiencia neste ámbito, e polo tanto permitirá avaliar o grao de usabilidade e accesibilidade do propio sistema.~~

5.2 Definición dos suxeitos a estudo

Establécese unha mostra aproximada de entre 80-90 persoas , que de forma óptima estarían distribuídas do seguinte xeito:

- 50% persoas con depresión (G1); Mínimo 20 persoas
  - Con deterioro cognitivo leve (G1.1): mínimo 10 persoas (GDS 3)
  - Sen deterioro cognitivo leve(G1.2): mínimo 10 persoas (GDS 1)
- 50% persoas sen depresión (G2); mínimo 20 persoas
  - Con deterioro cognitivo leve (G2.1): mínimo 10 persoas (GDS 3)
  - Sen deterioro cognitivo leve (G2.2): mínimo 10 persoas (GDS 1)

A mostra deberá estar aproximadamente equilibrada en xénero dentro de cada un dos grupos anteriores.

Solicitarase aos centros a selección daquelas persoas que teñan un diagnóstico de depresión médico ou establecido por un profesional sanitario, o cal utilizarase como verdade base e unha clasificación dos seus usuarios en función do seu estado cognitivo medido pola escala global de deterioro de Reisberg, a cal establece sete niveis, do 1 ao 7, e permite determinar o estado no que se atopa unha persoa, dende os primeiros déficits cognitivos ata os síntomas máis graves de demencia:

GDS 1 – Sen deterioro cognitivo
GDS 2 – Deterioro cognitivo moi leve
GDS 3 – Deterioro cognitivo leve
GDS 4 – Deterioro cognitivo moderado
GDS 5 – Deterioro cognitivo moderadamente grave
GDS 6 – Deterioro cognitivo grave
GDS 7 – Deterioro cognitivo moi severo.
Os suxeitos obxecto deste estudo son os que se sitúan no primeiro e terceiro nivel.

No caso de non contar nos centros coa clasificación co GDS de Reisberg, os criterios utilizados para a diferenciación dos grupos de normalidade e de DCL serán:

1.Deterioro cognitivo leve:

- Referencia de queixas subxectivas de memoria
- Deterioro cognitivo obxectivo visible na avaliación realizada co Moca e dicir resultados entre 1 e 2 desviacións típicas por debaixo da media de idade e nivel educativo.
- Sen afectación ou afectación mínima nas actividades instrumentais da vida diaria (Escala Lawton)
- Sen diagnóstico de demencia.

2. Persoas sas:

- Non reporta problemas no funcionamento cognitivo na súa vida diaria
- Non existen evidencias de afectación cognitiva e dicir persoas que na avaliación co MoCA non cheguen a -1 desviación típica da media do seu grupo de idade e nivel educativo.
- Independencia nas actividades instrumentais da vida diaria

Para a clasificación de puntos de corte co MoCA, utilizaranse os datos normativos recollidos no artigo de Pereiro et al 2017 [27].
Para a mostra tomarase como punto de partida todas as persoas usuarias dos centros mencionados no apartado ~~6.4~~ 5.4 (recóllense na táboa 1 deste mesmo apartado).
Seguiranse os seguintes pasos para a selección dos participantes:

1- Realizarase unha presentación en cada centro co obxectivo de expor o proxecto, aclarar as dúbidas e invitar ás persoas que teñan interese a participar no estudo. A aquelas persoas que amosen interese, no caso do grupo G1 (usuarios/as do centro) os responsables de cada centro, facilitaranlles o modelo de consentimento para que o firmen. No caso do grupo G2 serán persoas que contacten a través do material de recrutamento exposto no centro de día.

2. Identificaranse as persoas con depresión previa verificación do centro (G1) e aquelas persoas que contacten con nos con interese de participar (G2) se lles solicitará un informe expedido polo seu médico verificando a ausencia de depresión e outros factores diagnósticos indicados no apartado 5.3

3. Dentro dos dous grupos iniciais, identificaranse as persoas con deterioro cognitivo leve (DCL) e aquelas persoas sas dividindo os dous grupos previos en dous subgrupos. (G1.1;Persoas que sofren depresión e teñen DCL/ G1.2; Persoas que sofren depresión e non teñen DCL/ G2.1;Persoas sen depresión que teñen DCL/ G2.2; Persoas sas, sen indicios de depresión e sen DCL)

4. No caso de ter un número superior ás 20 persoas dentro dalgún grupo, excluiranse, de xeito aleatorio, aquelas persoas cuxo xénero estea sobre representado no seu grupo.

5. En caso de que algún grupo, despois do paso 4 anterior, sexa superior ás 20 persoas, crearanse grupos por rangos de idade: 60-70 anos, 71-75 anos e 76 anos ou máis.

Buscarase o equilibrio entre os tres grupos de idade e excluiranse de forma aleatoria un home e unha muller alternativamente para manter o equilibrio de xénero.

6. As persoas excluídas nos puntos 4 e 5 pasarán a unha lista de agarda, que será empregada no caso de que algunha das persoas seleccionadas finalmente non consinta participar no estudo.

Táboa 1. *Información dos centros participantes*

Entidade	**Responsable**	**Contacto**	**Usuarios no centro**
~~**Asoc. Valladares**~~	~~Ana María Pérez Davila~~	~~presidencia@valladares.tv~~ ~~tlf:654503248~~	~~300~~
~~**Coro sénior Campus Vigo**~~	~~Milagres Chapela Iglesias~~	~~corosenior.campusvigo@gmail.com~~ ~~tlf: 679194512~~	~~47~~
Centro de día Parque Castrelos	Ángeles Álvarez Pereira	tlf: 986 247 706 direccion@centrodediaparquecastrelos.com	64
Centro de día Hispanidade	Pedro López Cadilla	seneshispanidade@gmail.com tlf:625325201	10
AFAGA	Marina Requejo Román	tlf:986229797 trabajadorasocial@afaga.com	300

5.3 Selección e retirada de suxeitos:

Criterios de inclusión e exclusión.

	G1.Grupo con Depresión	
	G.1.1 Persoas con DCL	**G1.2 Persoas sen DCL**
Factores de Inclusión	- Maiores de 60 anos. - Diagnóstico de depresión reportado por un profesional sanitario ou historial clínico previo. - Puntuación na Escala Yesavage superior a 5 (Indicativa de depresión). - Puntuación MoCA entre 1 e 2 desviacións por debaixo dos criterios de normalidade (GDS de Reisberg 3). - Avaliación positiva na Escala de Queixas Subxectivas de Memoria. - Independencia ou mínima afectación nas AIVD segundo a escala Lawton.	- Maiores de 60 anos. - Diagnóstico de depresión reportado por un profesional sanitario ou historial clínico previo. - Puntuación na Escala Yesavage superior a 5 (Indicativa de depresión). -Puntuación MoCA nos parámetros de normalidade segundo a súa idade e nivel educativo (GDS de Reisberg 1). - Lawton (AIVD sen afectación). - Sen queixas subxectivas de memoria.

Factores de Exclusión	- Pacientes con diagnóstico psiquiátrico. (excluíndo diagnósticos depresivos) - Diagnóstico de Demencia. - Discapacidade auditiva ou vogal. - Fobia tecnolóxica. - Persoas incapaces de consentir no estudo

	G2 Grupo sen Depresión	
	G2.1 Persoas con DCL	**G2.2 Persoas sen DCL**
Factores de Inclusión	- Maiores de 60 anos - Sen diagnóstico de depresión - Puntuación na Escala de Depresión xeriátrica Yesavage menor a 5 - Puntuación MoCA entre 1 e 2 desviacións por debaixo da normalidade (GDS3) - Avaliación positiva na Escala de Queixas Subxectivas de Memoria - Lawton (AIVD, independencia ou mínima afectación)	- Maiores de 60 anos - Sen diagnóstico de depresión - Puntuación na Escala de Depresión xeriátrica de Yesavage menor a 5 - Puntuación MoCA nos parámetros de normalidade segundo a súa idade e nivel educativo (GDS de Reisberg 1) - Lawton (AIVD Independencia) - Sen queixas subxectivas de memoria
Factores de Exclusión	- Pacientes cun diagnóstico psiquiátrico. - Diagnóstico de Demencia - Discapacidade auditiva ou vogal. - Fobia tecnolóxica - Persoas incapaces de consentir no estudo	

Solicitarase aos centros a selección daquelas persoas que teñan un diagnóstico de depresión médico. Os responsables destes centros (apartado 5.4), serán os encargados de confirmar e verificar o cumprimento dos criterios relacionados cos diagnósticos médicos xa reportados nos seus historiais clínicos. Polo tanto, calquera consulta e información relacionada será aportada polo responsable do centro a través do código seudonimizado do participante. No caso do grupo G2 persoas "sanas" que contacten mediante o material de recrutamento exposto no centro de día, deberán acudir as instalacións do mesmo centro para realizar as sesións de screening e pedirase que soliciten un informe médico onde conste a ausencia de diagnóstico depresivo ou outro trastorno psiquiátrico, demencia e discapacidade auditiva ou vogal.

Criterios de retirada

En calquera momento da sesión a persoa terá dereito a retirarse deste estudo. Todos os datos recollidos da mesma ata ese momento serán eliminados.

5.4 Captación e recrutamento dos participantes

A selección da mostra será realizada pola dirección dos centros Parque Castrelos, AFAGA~~, Centro sociocultural de Valladares,~~ Centro de día Hispanidade~~, Coro sénior do campus Vigo~~ actuando coma responsable de cada un as seguintes persoas que serán supervisadas pola Uvigo e formarán parte do estudio como investigadores principais firmando o respectivo consentimento.

Exporase un material de recrutamento con información obxectiva sobre a posta en marcha da investigación, os seus obxectivos e o contacto de Luis E. Anido tanto para resolver dúbidas como para iniciar o proceso de participación. Dito material de recrutamento expoñerase na entrada dos centros participantes (AFAGA, Centro de día Hispanidade, Centro de día Parque Castrelos) co propósito de captar voluntarios interesados.

As sesións terán lugar no propio centro sociosanitario onde se visualizou o material.

Parque Castrelos: responsable **Ángeles Álvarez Pereira, directora do centro.**

O persoal do centro responsable da clasificación e selección das súas persoas usuarias é o seguinte:

- Psicóloga: Natalia Gallego Río (Grao en psicoloxía)
- Educadora Social: Paula Martínez Blanco (Grao en educación social)
- Fisioterapeuta: Ana Vázquez Vaamonde (Grao en fisioterapia)
- Coordinadora do equipo de xerocultoras: Marta Barreiro Riveiro (Ciclo superior en dietética e anatomía patolóxica/ ciclo medio de enfermería)

O centro encontrase situado na Av. de Castrelos, 139, 36210 Vigo, Pontevedra. Este centro dispón dun total de 64 usuarios que fan uso dos seus servizos.

O centro de día Parque de Castrelos organiza as súas sesións seguindo un modelo de atención centrada na persoa, polo tanto a persoa maior encóntrase implicada na elaboración do seu plan de apoio individualizado (PAI). Isto quere dicir que teñen a capacidade de escoller en base aos seus gustos e preferencias as actividades e os horarios que van realizar no centro e serán eles quen, no caso de aceptar participar no estudo, escollan as horas as que prefiren participar dentro do seu horario habitual.

As sesións no centro de día repártense dende a mañá ate a tarde e organízanse en tres áreas de actuación:

- Área de Saúde física, na cal lévanse a cabo sesións de xeronto-ximnasia, psicomotricidade e sesións individuais de fisioterapia e adestramento das actividades básicas e instrumentais.
- Área socioeducativa e Cultural: son talleres de grupos reducidos nos cales realízanse actividades manuais, estimulación cognitiva, dinámicas de grupo e talleres socioeducativos entre outros. Ademais, recóllese un espazo de ocio e tempo libre que poden dedicar ás actividades que máis lles gustan en compañía doutros usuarios do centro (xogos de mesa, lectura, calceta…)
- Área psicolóxica, que conta cun programa de psico-estimulación e un programa psico-afectivo nos que se traballan aspectos coma a memoria, a linguaxe, a atención e o manexo do estrés e do estado de ánimo. Estas sesións teñen unha duración aproximada de 60 minutos e están divididas en grupos de tres niveis de deterioro segundo o GDS (sen deterioro, leve e moderado-grave).

Para a organización da estrutura de traballo que se mencionou anteriormente, o centro dispón de avaliacións psicolóxicas periódicas, realizadas cada seis meses nas cales os usuarios xa se encontran agrupados segundo a escala de Deterioro Global de Reisberg (GDS), que clasifica en 7 niveis: nivel 1 (ausencia de alteración cognitiva), nivel 2 (diminución cognitiva moi leve), nivel 3 (defecto cognitivo leve), nivel 4 (defecto cognitivo moderado), nivel 5 (defecto cognitivo moderado-grave), nivel 6 (defecto cognitivo grave), e nivel 7 (defecto cognitivo moi grave). O centro facilitará as puntuacións GDS e da escala Lawton.

~~Coro sénior Campus Vigo: responsable Milagres Chapela Iglesias, presidenta do coro, a cal farase responsable da custodia dos datos dos participantes e a entrega dos consentimentos. O centro non dispón de persoal especializado para a selección e inicialmente son persoas que non contan cunha avaliación psicolóxica. As avaliacións realizaranse pola psicóloga do equipo da Universidade de Vigo Noelia Lago Priego (ver apartado 5.8), cos tests mencionados neste protocolo.~~

~~O coro sénior dispón de 47 persoas sas maiores de 60 anos que participan no coro da universidade, as cales pedirase a súa colaboración e serán elas mesmas as que decidan o horario que mellor lles convén para a realización das probas.~~

Centro de día Hispanidade: responsable **Pedro López Cadilla, director do centro**.
Encargarase da clasificación o seguinte persoal:

- Psicóloga: PAULA FREAZA RODRIGUEZ
- Educadora social: CRISTINA MOREIRA CRISOSTOMO
- Integradora de la parte cognitivo: SOFÍA CASTRO GONZALEZ

O centro abriu as súas portas fai tres semanas e conta con 10 usuarios, ofrece tanto intervencións grupais como individuais. Os profesionais do centro realizan valoracións individuais e analizan as necesidades terapéuticas de cada persoa co obxectivo de dar unha mellor atención nas sesións individuais, sendo o profesional o que adáptase ás necesidades de cada individuo, en vez de facer que o individuo se adapte a un espazo específico. No caso das sesións grupais participan de igual maneira todos os usuarios, sen establecer diferenzas ou distincións baseadas no estado cognitivo dos participantes. O centro proporcionará as puntuacións da escala Lawton e GDS.

~~Centro Sociocultural de Valladares: Responsable Ana María Pérez Davila, presidenta do centro.~~
~~O centro non dispón das avaliacións da escala Lawton e MFE ou GDS polo tanto a psicóloga investigadora da Universidade de Vigo encargarase de realizar ditas probas das que recollera as puntuacións finais, en ningún momento recollerase datos que podan asociarse coa identidade da persoa. será supervisada por Fátima María Fernández González (Traballadora social) do centro cultural Valladares.~~
~~O CCAR de Valladares é unha asociación situada no Camiño do Pedregal, 6, 36315 Valladares - Vigo, Pontevedra que traballa para a mellora das condicións de vida dos habitantes da parroquia de Valladares en Vigo.~~
~~Conta con distintas áreas de traballo:~~
~~-Veciñal :Nesta área traballase pola mellora das infraestruturas e servizos da parroquia~~
~~-Cultural: Nesta lévase a cabo unha programación de actividades culturais a longo do ano con agrupacións propias ou de fóra.~~
~~-Social: Na social trabállase con persoas de colectivos en exclusión social, mulleres, infancia ou terceira idade. Cóntase cunha traballadora social e un servizo de atención a domicilio de persoas dependentes~~
~~-Formativa: Neste eido fanse actividades relacionadas coa apoio escolar a menores, alfabetización para maiores, alfabetización dixital.~~
~~-Deportiva: Contamos con clubs e escolas deportivas de fútbol, fútbol sala e patinaxe artística sobre rodas~~

AFAGA (Asociación de Familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia): responsable **Marina Requejo Román** coordinadora de estimulación terapéutica e traballadora social.

O persoal do centro de día AFAGA responsable da selección e clasificación das persoas usuarios é o seguinte:

- Psicólogos/as: Patricia Ruibal de Sola, Maximina Rodríguez Fernández, Alba López Lanciego, Paula Costa Gil; Beatriz Rodríguez Álvarez, Laura Alejandra Gómez Rodríguez de Alfaro e Gonzalo Soliño Martínez.
- Terapeutas ocupacionais: Jesús María Andrea Reyes e Cristina Esmerode Iglesias.
- Fisioterapeuta: Pablo Lourido Cogolludo.

Seleccionaranse participantes de AFAGA concretamente aqueles usuarios do Centro de Atención Integral para enfermos de Alzheimer e outras demencias situado en Avda. Martínez Garrido, 21 Interior, 36205 Vigo (Pontevedra).

O centro dispón de dous programas :

a.- Un programa de intervención a persoas con demencia, diagnosticadas clinicamente por persoal médico da sanidade pública (maioritariamente do SERGAS) ou da sanidade privada, con aproximadamente 300 usuarios. Na maioría dos casos, a diagnose destas persoas vén especificada a través da Escala de Deterioro Global (GDS) de Reisberg.

b.- Un programa de detección de prevención da demencia e a promoción de hábitos saudables a nivel cognitivo e emocional (Cultiva a Mente), con aproximadamente 500 usuarios sen deterioración cognitiva. Este programa está deseñado como un taller de metacognición, no que se realizan exercicios de estimulación cognitiva.
AFAGA; proporcionará as avaliacións do Lawton e Escala de queixas subxectivas de memoria e GDS de Reisberg.

Os directores dos centros Parque Castrelos (Ángeles Álvarez Pereira), AFAGA (Marina Requejo Román), ~~Coro Sénior Campus Vigo (Milagres Chapela Iglesias)~~, centro de día Hispanidade (Pedro López Cadilla)~~, centro Veciñal e cultural de Valladares (Ana María Pérez Davila)~~ e o seu equipo serán os máximos responsables da selección das persoas en base os criterios de inclusión e exclusión e da recollida do seu consentimento para participar no estudo. No caso de non contar con algunha avaliación como por exemplo a escala de queixas subxectivas de memoria o equipo da Universidade de Vigo identificado no documento será o encargado de pasar as probas unha vez sexa seudonimazada a mostra , recollendo só os resultados finais das enquisas e asegurando a conservación do anonimato dos participantes. Os profesionais da Uvigo indicaranse no apartado 6.8.

A selección e realización das probas realizarase dentro dos horarios no que os usuarios acudan normalmente aos centros. Isto supón que algún usuario podería ter que perder parcial ou totalmente algunha das súas actividades habituais, e así serán informados para que tomen a decisión que estimen mais oportuna. A mostra seleccionada será supervisada polos investigadores da Universidade de Vigo. No caso dos participantes que contacten con Luis E.Anido, a través do material de recrutamento, co interese de formar parte no estudo, escollerase o horario que mellor lles conveña dentro das opcións dispoñibles do centro.

Para minimizar a coacción da poboación do estudo que poda sentirse cautiva (usuarios dos centros), o proceso de captación de participantes voluntarios terá varios pasos para asesorar aos mesmos sobre o alcance do proxecto.

- Presentación: cunha breve explicación dos obxectivos xerais da investigación, dando a coñecer tanto o proceso en si como a ferramenta a utilizar para a captura de datos. Atenderanse as posibles dúbidas e subliñando o carácter voluntario da participación.
- Recompilación: O responsable asignado da custodia de datos persoais será o encargado de facilitar o modelo de consentimento informado ás persoas que amosen interese en participar.

  No caso dos participantes que contacten a través do material de recrutamento exposto nos centros sociosanitarios, o investigador principal lles aclarará todas as posibles dubidas de maneira obxetiva

xunto co modelo de consentimento o cal deberá firmar unha vez acepte participar. Ademais, solicitaráselle o requisito de entrega dun informe médico actualizado.

5.5 Procedemento de asignación/aleatorización

A asignación dos participantes terá lugar en función do cumprimento dos criterios de inclusión e exclusión expostos anteriormente para o grupo control e experimental, de forma que dividirase a mostra en dous grupos. Grupo Experimental, pacientes cun diagnostico de depresión e grupo control, pacientes sen indicios de depresión. A súa vez dividiranse os dous grupos previos en persoas con DCL e sen DCL.

Neste estudo elimínanse de xeito aleatorio persoas dos grupos de DCL e sen DCL nos pasos 3 e 4 do procedemento de xeración da mostra explicado no apartado ~~6.2~~ 5.2 anterior.

O procedemento utilizado para estas escollas aleatorias será mediante a función ALEATORIO.ENTRE() do software ofimático Microsoft Excel. Esta función permite establecer un valor mínimo e un máximo entre os cales xera un número aleatorio.

Inicialmente, crearase unha lista con todos os participantes entre os que haxa que escoller; a continuación, lanzarase a función, poñendo como valor mínimo 1 e valor máximo o tamaño da lista; por último, o número aleatorio xerado pola función será utilizado para escoller ao suxeito que ocupe esa posición na lista. Este proceso poderá repetirse as veces necesarias.

5.6 Xustificación do tamaño da mostra

Para os datos no ámbito galego, estímase que o tamaño da poboación maior de 65 anos é de 687 446. En base a estes datos e para acadar un nivel de confianza do 95% e un 5% de intervalo de confianza, necesitaríamos unha mostra total de 384 persoas, dividendo por igual os grupos. Non obstante ao tratarse dun estudio piloto, consideramos que precisamos unha mostra de unhas 80 persoas o que é suficiente para que se poida considerar significativa, e ademais nos permita considerar os potenciais resultados obtidos coma representativos para a contorna galega. En función dos resultados, estimarase levar a cabo pilotaxes maiores que conduzan a unha validez clínica dos test conversacionais dixitalizados.

5.7 Variables principal e secundarias

5.8 Descrición da intervención

Cada persoa seleccionada participará en dous sesións individuais de traballo co persoal da Uvigo, estas sesións levaranse a cabo en cada un dos centros participantes no horario ao que acudan normalmente. Cando así se estime oportuno por parte do persoal do centro ou a persoa participante o desexe, as sesións serán supervisadas por un profesional do centro. Cada unha destas sesión procurará administrarse en dúas semanas consecutivas (unha sesión por semana).

Sesión 1: Avaliarase a percepción de aceptabilidade mediante o Test de Aceptación Tecnolóxica - Technology Acceptance Model (TAM). Preténdese capturar información por parte dos seus potenciais usuarios sobre a súa percepción sobre o uso das tecnoloxías en xeral, e interfaces por voz en particular, de forma previa a usar o instrumento obxecto deste estudo.

Nesta mesma sesión administrarase a escala xeriátrica de depresión de Yesavage de xeito verbal pola psicóloga investigadora da UVIGO Noelia Lago Priego. No caso de non contar coas puntuacións do usuario nas enquisas Lawton e MFE, realizaranse polo mesma psicóloga nesta sesión. A duración estimada é de entre 15 -25 minutos.

Sesión 2: Nesta sesión administrarase o test dixitalizado Digi-Yesavage directamente a través dun altofalante intelixente. Neste caso Amazon Alexa echo dot 5 e posteriormente a enquisa TAM post-avaliación tecnolóxica. Ademais, realizarase a avaliación cognitiva co test de cribado MoCA. Estímase unha duración de 25 minutos por persoa.

A organización das sesións e a loxística das mesmas será coordinada polos responsables de cada centro e os responsables da UVIGO unha vez se obteña a aprobación do Comité de Ética Pontevedra-Vigo-Ourense.

Persoal investigador que levará a cabo as tarefas.

- Batería de tests (MoCA, Yesavage, Lawton, MFE) : Noelia Lago Priego UVIGO (Grado en Psicoloxía e Máster en psicoxerontoloxía).
- Digi-Yesavage: Iván Otero González UVIGO (Grao en Informática).
- Modelo de Aceptación Tecnolóxica, Technology Acceptance Model: Iván Otero González (Grao en Informática).

Cando así estime oportuno o persoal do centro ou a persoa participante o desexe, as sesións serán supervisadas por un profesional traballador do centro.
Por último, unha vez recadados os datos necesarios, procederíase ao estudo dos mesmos e a elaboración de informes de resultados do estudo. Nestes informes non se amosará en ningún momento a identidade das persoas participantes nin os resultados individualizados da súa participación.

O inicio do proxecto está condicionado á data de aprobación do Comité de Ética de Investigación.
O comezo estimado da primeira sesión será de dúas semanas despois da data de recepción da aprobación por parte do Comité de Ética. Durante esta semana realizarase a selección da mostra e se recollerán os consentimentos informados. Preténdese que cada persoa seleccionada para a mostra deste estudo desenvolva a súa participación durante dúas sesións procurando que estas estean ubicadas en semanas consecutivas (unha sesión por semana). En función das posibilidades organizativas e loxísticas, dado o número de participantes, investigadores involucrados e centros, é posible que o estudo completo (cubrindo a todos os participantes) se estenda no tempo. Estímase que será suficiente con 3 meses.

Avaliación da resposta

O modelo de aceptación de tecnoloxía (TAM) modela como os usuarios chegan a aceptar e utilizar unha tecnoloxía. O modelo establece que cando os usuarios se enfrontan a unha tecnoloxía nova, existen un conxunto de factores que inflúen na súa decisión sobre como e cando o utilizarán, especialmente:

- Utilidade percibida (PU): definido como "o grado no que unha persoa cree que utilizando un sistema particular permitiralle destacarse no seu rendemento no traballo".
- Facilidade percibida de uso (PEOU): definido como "o grado no cal unha persoa cree que utilizando un sistema particular aforrarase esforzo".

- Goce percibido (PD): refírese ao grado no cal unha persoa encontra unha actividade pracenteira ao utilizar certa tecnoloxía.

Utilizase unha escala Likert (1 a 5) segundo os modelos anexos.

Escala Digi-Yesavage é una adaptación da escala de Depresión Xeriátrica de Yesavage (GDS) de 15 ítems.
A Escala de Depresión Xerontolóxica de Yesavage, coñecida comunmente como GDS (polas súas siglas en inglés, Geriatric Depression Scale), é unha ferramenta utilizada para avaliar a presenza e gravidade da depresión en adultos maiores. Non se utiliza como diagnóstico definitivo, pero pode ser unha ferramenta valiosa para identificar as persoas que poden requirir unha avaliación e tratamento máis exhaustivos. Foi desenvolvida polo psiquiatra Jerome Yesavage en 1982. A GDS converteuse nunha das ferramentas máis utilizadas na avaliación da depresión en adultos maiores debido á súa simplicidade e eficacia. A escala orixinal consta de 30 preguntas dicotómicas (si/no) deseñadas para avaliar os síntomas depresivos comúns na poboación xerontolóxica. O cuestionario adaptouse ao longo do tempo en diferentes versións, incluíndo unha versión curta de 15 preguntas e outras versións máis breves. No seguinte piloto utilizarase a versión curta de 15 ítems. A proba dura ao redor de 5-7 minutos.

"**Proba cognitiva de Montreal" (Montreal Cognitive Assesment (MoCA)**: ferramenta deseñada como instrumento de cribado para alteracións cognitivas, empregase para avaliar varios dominios cognitivos distribuídos en oito apartados que valoran as habilidades visoespacial/executiva a atención, a memoria, a orientación, linguaxe, abstracción e recordo diferido. A proba pódese completar en aproximadamente 10 minutos. A súa puntuación máxima e de 30 puntos. O punto de corte no contexto hispano e de 20/21 para discriminar entre normalidade e DCL, mentres que as puntuacións de 17/18 son o punto diferencial entre DCL e demencia [26].

Escala de queixas subxectivas de memoria: (Memory Failures Everiday). É unha versión proposta por Lozoya et al. (2012) composta por 30 elementos relacionados cos fallos de memoria percibidos polo propio suxeito na vida diaria. Os elementos do MFE-30 respondéronse nunha escala Likert de cinco puntos (de 0= "nunca ou case nunca" a 4= "sempre ou case sempre"). O MFE-30 ten un coeficiente de fiabilidade (de Cronbach) de 0,93 e unha estrutura unifactorial denominada polos autores como "queixas cognitivas". [28]

5.9 Cronograma e data prevista de finalización. Distribución das tarefas entre os membros do equipo investigador

As sesións intentarán realizarse nun máximo de dúas semanas por centro. Como xa se mencionou anteriormente, cando así se estime oportuno por parte do persoal do centro ou a persoa participante o desexe, as sesións serán supervisadas por un profesional traballador do centro.

	Semana 1	Semana 2
Sesión 1	TAM (pre-avaliación) Escala xeriátrica de depresión Yesavage Lawton e MFE (se fora necesario) (15-25 min)	

Sesión 2		Digi-Yesavage TAM (post avaliación) (10 min) MoCA (15 min)

	Semana											
	Presentación e Consentimentos Semana 1 y 2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13
P. Castrelos	x											
Sesión 1		x										
Sesión 2			x									
~~**Coro**~~	~~x~~											
~~**Sesión 1**~~				~~x~~								
~~**Sesión 2**~~					~~x~~							
Hispanidade	x											
Sesión 1						x						
Sesión 2							x					
Afaga	x											
Sesión 1								x				
Sesión 2									x			
~~**Asoc. Valladares**~~	~~x~~											
~~**Sesión 1**~~										~~x~~		
~~**Sesión 2**~~											~~x~~	

A data prevista de finalización é de cinco meses dende a aprobación por parte do Comité de Ética de Investigación:

1. Dúas semanas para a presentación, selección e recollida dos consentimentos informados, realizado polos Investigadores principais e responsables dos centros.
2. Tratarase de administrar a avaliación en dous centros por mes coa distribución de tarefas entre os investigadores identificada anteriormente.

3. Dous meses para a análise dos datos, que será realizada por Iván Otero baixo a supervisión do Investigador Principal da Universidade de Vigo, Luis Anido Rifón.

5.10 Plan de análise estatística

Estimase que o número de participantes neste estudo será de ao redor das 80 persoas. Realizarase a análise sobre tódolos datos recollidos, ademais dos valores estatísticos habituais (correlación, sensibilidade, especificidade, curva ROC), cos seguintes instrumentos estatísticos:

- Correlación de Pearson: entre Digi-Yesavage, Yesavage Clásico e as puntuacións e dimensións do MoCA nos distintos grupos.
- Curva ROC e táboas cruzadas: capacidade discriminativa da proba (sensibilidade, especificidade e falsos positivos/negativos) en relación ao diagnóstico clínico de depresión.
- Alfa de Cronbach: empregado para estimar a consistencia interna dos resultados extraídos dos cuestionarios e tests.
- Student-T-Test/ANOVA: aplicados para comparar mostras pareadas das pre e post esquisas. É dicir, este estatístico se empregará para estimar a evolución das percepcións das persoas maiores sobre a utilidade e facilidade de uso da ferramenta obxecto do estudo (Digi-Yesavage). Ademais, tamén se empregará na análise de eficacia para coñecer as diferenzas nas medias entre os distintos grupos en relación aos tests empregados.
- D de Cohen: é unha das formas máis comúns para medir o envergadura ou magnitude dun efecto dado (engadido ao ANOVA).
- Coeficiente correlación Intraclase: concordancia entre ambos test (Digi-Yesavage e Yesavage clásico).
- Análises descritivos (Frecuencias de usabilidade).

6. Aspectos ético-legais

6.1 Cumprimento de Normas de Boa Práctica Clínica

Os investigadores manifestan o seu compromiso de adhesión a:

- Os convenios éticos e normas de boa práctica clínica establecidos: Lei 14/2007, Declaración de Helsinki e Convenio de Oviedo.
- A normativa actual de protección de datos: Lei Orgánica 3/2018 (LOPD e GDD), RD 1090/2015 e Regulamento (UE) 2016/679.
- Regulación de acceso á historia clínica e consentimento informado: Lei 3/2001, Lei 3/2005, Lei 41/2002, Decreto 29/2009 (Galicia), Decreto 164/2013 (Galicia) e Instrución 6/2007 (Galicia).
- Non se realizarán comunicacións a terceiros dos datos persoais, nin transferencias internacionais dos mesmos.
- En calquera momento da sesión a persoa terá dereito a interromper o proceso e retirarse. Todos os datos recollidos da mesma ata ese momento serán eliminados.

6.2 Documentación anexa, modelos de consentimento informado.

Axúntanse os seguintes documentos:

Solicitude de consentimento informado, constando da folla de información ó participante e da folla de firmas coa que se documenta a autorización. Neste documento o participante é informado de que ten dereito a poñerse en contacto co investigador principal para acceder, rectificar, limitar, suprimir, opoñer e/ou obter os datos persoais obtidos durante as sesións.

Caderno de recollida de datos, coas enquisas a realizar nas sesións.

6.3 Confidencialidade da información recollida no contexto do estudo.

